



OBRAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

O Concello de Cedeira realizou actuacións de mellora da eficiencia enerxética no alumeado público de San Andrés de Teixido, no Paseo Marítimo e no lugar de Pontigas, na parroquia de Régoa. Actuacións que, fundamentalmente, consistiron na substitución de lámpadas por outras novas de alto rendemento lumínico e na instalación de cadros redutores de consumo. Así as cousas, as intervencións realizadas contribuirán de forma decisiva á conservación dos recursos minimizando o impacto sobre eles á par que se logrará o máximo aforro enerxético posible e a conseguinte rebaixa na factura do suministro eléctrico municipal.

As obras executáronse ao longo do mes de outubro cun orzamento de 21.175 euros financiado ao 100% pola Xunta de Galicia. O Concello de Cedeira xustifica a necesidade das actuacións na antigüidade das instalacións e no ánimo de dotar a estes emprazamentos dunha instalación de alumeado acorde ao entorno rural e urbano no que se enmarcan, conferíndolles as prestacións que en materia de seguridade e eficiencia enerxética permiten os produtos existentes hoxe en día.

Cedeira aposta polas enerxías renovables

Conclúen as obras de eficiencia enerxética nos primeiros edificios municipais: pavillón e escola infantil

Cedeira vén de iniciar un camiño sen retorno para impulsar o uso das enerxías renovables no funcionamento dos edificios públicos. Unha política coa que se reducirá a factura enerxética e se contribuirá á conservación dos recursos naturais. As primeiras actuacións neste sentido executábanse este outono. Arrancaban co mes de novembro na escola infantil municipal ubicada nos antigos escolares, onde se substituíu a caldeira de gasóleo por outra de biomasa e continuaron no pavillón polideportivo da vila coa instalación de paneis de enerxía solar térmica para producir a auga quente necesaria para a piscina, reducindo así o consumo de propano que se empregaba ata a data como combustible nas instalacións deportivas.

Dúas actuacións que permitirán un aforro enerxético considerable e, por ende, unha rebaixa sustancial na fac-

tura. No caso do polideportivo, do 30% respecto ao consumo anual actual e, no da escola infantil, de ata o 60%.

Financiación autonómica. As actuacións contaron cun orzamento conxunto de 80.000 euros, que se financiaron con cargo á subvención que o Concello de Cedeira recibiu da Xunta de Galicia ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental. Isto é, as intervencións tiveron custe cero para as arcas locais.

Segundo explicou o Concello, no caso da actuación no polideportivo municipal, instaláronse 36 paneis solares, mentras que a intervención realizada na escola infantil tamén se contemplou unha posible ampliación das instalacións educativas, de modo que cando esta se leve a cabo a infraestrutura instalada garante o servizo de calefacción sen necesidade de volver a acometer obras futuras.



REXISTRO DE LICENZAS URBANÍSTICAS

Un dos principais obxetivos do goberno municipal é axilizar a tramitación dos expedientes para acabar coas dilacións que se viñan producindo nos últimos anos. De feito, entre as licenzas autorizadas este ano atópanse solicitudes do 2008. E, a tenor dos resultados, estase a avanzar con paso firme nesta dirección. Pese a todo, o goberno local non está contento coa situación e por isto redobla os seus esforzos para pór ao día as licenzas, evitando así perxuízos ao emprego local. As licenzas aprobadas son de moi diversa tipoloxía, dende a construción de vivendas ata obras menores como a reparación de cubertas ou reformas interiores. Entre as licenzas aprobadas, a reforma nas instalacións que noutro tempo albergaron o hotel-restaurante Villa de Cedeira. Un equipamento que a iniciativa privada prevé transformar en centro de día e residencia para a Terceira Idade.

MESES A MES

- Xaneiro. 10 licenzas
- Febreiro. 15 licenzas
- Marzo. 11 licenzas
- Abril. 29 licenzas
- Maio. 14 licenzas
- Xuño. 16 licenzas
- Xullo. 5 licenzas
- Agosto. 9 licenzas
- Setembro. 6 licenzas
- Outubro. 6 licenzas

Intervención de mellora no Paseo Marítimo

O Concello iniciou as obras para o acondicionamento do Paseo Marítimo da Magdalena. Uns traballos orzamentados en 142.655 euros que se financian con cargo ao Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña cun prazo de execución de tres meses.

A intervención permitirá mellorar as condicións de circulación e a seguridade vial mediante o reforzo do firme. Ao respecto, aplicarase rego asfáltico no vial, xustificando a súa necesidade no deterioro do firme actual pola antigüidade da capa de rodadura, que provocou a presenza de cuarteos superficiais. Por outra parte, melloraránse as condicións de accesibilidade para persoas con diversidade funcional elevando

os pasos de peóns á altura das beirarrúas. Unha intervención que obrigará tamén a executar novos sumidoiros para facilitar a evacuación das augas pluviais e evitar así o estancamento en ditos pasos, e a adaptar os rexistros existentes á nova rasante. Con esta obra, o Concello tamén quere potenciar o entorno do areal como espazo de ocio e estancia reordeando a circulación e ampliando o tramo de sentido único do vial (quedará así dende a Plaza ata a intersección coa Avenida do Salinas). Ao respecto, se executará nova sinalización, tanto horizontal como vertical.

E, por último, coa actuación gañaránse novas prazas de aparcamento para dar resposta á demanda crecente de estacionamento.

Nova área recreativa en Esteiro con mirador á enseada

O Concello dotará á parroquia de Esteiro dunha nova área recreativa para o ocio dos veciños. Máis concretamente, nunha parcela municipal ubicada no entorno da igrexa San Fiz e do atrio e cemiterio parroquial, con vistas á enseada de Esteiro, de importante valor ambiental. A actuación conta cun prazo de execución de 3 meses e un orzamento de 52.000 euros, que cofinanciarán Xunta e Concello. De feito, a Administración local recibía a confirmación da concesión, no DOG, dunha subvención de 44.000 euros. Isto é, preto do 85% do total.

As obras contemplan a urbanización da parte próxima á estrada e á igrexa, habilitando así novas prazas de aparcamento. Acondicionarase a pista polideportiva e procederase ao peche de tres cuartas partes do perímetro. Crearase unha senda peonil para acceder ao merendoiro que contará con mesas, unha papeleira e unha fonte accesible. E, finalmente, habilitarase un miradoiro no que se instalará diverso mobiliario urbano.

Obras de ampliación da rede de saneamento

O Concello acometerá nas próximas semanas as obras de ampliación do abastecemento en tres parroquias do municipio: Piñeiro, San Román e Esteiro, e extenderá o saneamento en puntos de Piñeiro. Os proxectos suporán un investimento superior aos 68.000 euros que financiará a Deputación.

Dende o Concello sinálase que as obras saíran agora a contratación. As intervencións aprobadas beneficiarán no seu conxunto a unhas 200 vivendas da zona rural ubicadas nos lugares de Virizo (parroquia de Piñeiro); Montemeao (San Román) e Saa y Sisalde (Esteiro). O obxectivo é ampliar e mellorar a rede de servizos co ánimo de dar acceso a un servizo básico por parte dos veciños. Estas actuacións súmanse a outras obras de mellora que na actualidade realiza o Concello. Nuns casos, consistentes na construción de novas conexións e, noutros, na ampliación das existentes. Nese paquete inclúese a construción dunha rede de drenaxe no entorno da pista multiusos ubicada na zona contigua ao campo de fútbol. Os traballos, por un importe global de 167.079,07 euros, comezaron a finais de agosto e estímase estean rematados antes de finalizar o ano. As intervencións son financiadas con cargo ao Plan de Cooperación cos Concellos da Deputación nos lugares de Vilar, Leboeña, Cordobelas, Cerro, Trasmonte e Pereiro.



Acondicionamento de 8.000 metros de camiños

A principios de decembro e cun prazo de execución de dous meses, o Concello iniciaba as obras de asfaltado en nove camiños e viais da zona rural por un importe superior aos 82.000 euros. As actuacións teñen custe cero para a Administración local, xa que se financiarán integramente con cargo a unha subvención procedente da Xunta de Galicia. En concreto, as intervencións se desenvolverán ao longo duns 8.000 metros de camiños e viais repartidos entre as parroquias de Esteiro, Régoa, Piñeiro, Montoxo e San Román. En todas elas, os operarios aplicarán capas de rego asfáltico e procederán á limpeza das cunetas. Os fondos que recibirá o Concello para a execución destes traballos proceden así do programa PEIM-Rural. Dende o Concello sinaláse que as nove actuacións se desenvolven en camiños e viais con núcleos de poboación cercanos. En concreto, son os seguintes: Camiño Loureiros-Barral, Camiño Porto do Cabo e Camiño Ardeón (na parroquia de Esteiro); Vial das Pontigas-Pardiñeira (en Régoa); Vial do Beco, Vial na Trabe-Outeiro, ata a estrada xeral en Virizo e Camiño Agrochao-Chousa (en Piñeiro); Camiño desde Erbellás a Cima de Vila (en Montoxo) e vial no lugar da Costa (en San Román).



Novas marquesinas no rural

O Concello continúa ampliando o mobiliario urbano na zona rural. Neste mes de decembro iniciou a instalación de novas marquesinas nas parroquias e lugares de Piñeiro, San Román-Vila do Río, A Trabe e Esteiro. As catro infraestruturas ubicáronse en paradas de autocar que, ata o momento, carecían deste mobiliario, e se suman ás outras catro marquesinas emprazadas en outubro noutros puntos da zona rural. Naquel entón, substituíndo outras en precario estado. O obxectivo é o mesmo: mellorar o servizo para os usuarios do transporte público.

Por outra parte, o Concello vén de iniciar tamén na zona rural a instalación de suxeitacontenedores atendendo así ás demandas veciñais.

Os veciños xa poden solicitar cita previa para a inspección da ITV

Os veciños e veciñas de Cedeira xa poden solicitar cita previa para realizar a revisión periódica dos seus vehículos na propia vila, evitando así ter que desprazarse ata Ferrol. Tan só deben chamar ao teléfono 881 920 977 e concretar o horario. A medida é posible grazas ás xestións do Concello, que solicitou da ITV que desprazase unha das súas unidades móbiles a Cedeira para facilitar as inspeccións. Deste xeito, a primeira visita terá lugar no mes de xaneiro, os días 4 e 7. Ubicarase no Camiño Real da Magdalena, fronte aos restaurantes de A Revolta e O Areal. Un espazo de fácil acceso e gran mobilidade ubicado en pleno paseo marítimo da vila. O horario será de mañá e tarde (de 9 a 13,30 horas e de 15,15 a 18 horas). O día 7, pola mañana estará ata as 13 horas.

Novas zonas wifi

Os cedeireses e as cedeiresas xa poden acceder a Internet gratuítamente no entorno do Pavillón Polideportivo e nos xardíns emprazados no Palacete Municipal. Dende o presente mes de decembro, tan só precisan desprazarse a estes lugares cos seus portátiles e solicitar unha contrasinal nas dependencias municipais ubicadas no entorno (pavillón polideportivo e oficina de turismo). Deste modo, o Concello de Cedeira avanza no seu obxectivo de facilitar o acceso ás novas tecnoloxías por parte da cidadanía e con custe cero.

Ata o momento, esta posibilidade estaba limitada ao edificio da Biblioteca Municipal López Cortón e ás súas inmediacións, incluíndo a praza contigua ao centro de lectura.

Aula de Informática

O Concello de Cedeira informa do traslado da Aula de Informática, ubicada ata a data no Palacete Municipal, á Biblioteca Municipal López Cortón. Deste modo, suma a estas instalacións once equipos informáticos que virán a satisfacer as necesidades e demanda dos usuarios do centro de lectura. Ata a data a Biblioteca dispoñía de seis ordeadores con conexión a Internet e estes resultaban escasos para dar servizo ao elevado número de usuarios. Por outra parte, a decisión tamén permitirá ampliar os horarios de uso, adaptándoos aos da Biblioteca (de luns a venres mañá e tarde e sábados pola mañá).



Exposición de fondos históricos

O Concello de Cedeira abrirá o próximo ano a Exposición Permanente de Fondos Históricos da vila. Ubicarase na primeira planta do Palacete Municipal, na Avenida de Castelao, e nela o público poderá apreciar pezas de gran interese artístico, arqueolóxico ou arquitectónico do inventario municipal. Pezas relixiosas como fragmentos de retablos, predelas ou lápidas ou laicas como escudos heráldicos. Pezas cunha antigüidade que vai dende principios do século XVI ata outras máis recentes do XX. Os traballos de traslado das pezas estarán supervisados polo profesor, historiador e cronista oficial de Cedeira Rafael Usero e o proxecto apenas



suporá desembolso económico para o Concello, xa que as instalacións municipais dispoñen do equipamento necesario para albergar a Exposición. Entre outros recursos, conta con vitrinas e expositores. Nesta liña, a Exposición Permanente estará aberta ás aportacións de particulares que desexen contribuír a enriquecer a historia da vila cos súas testemuñas materiais.

Sábados culturais no Auditorio


Dende o mes de outubro e ata rematar o ano, o Auditorio Municipal de Cedeira acolle todos os sábados, ás 20 horas, diferentes propostas culturais. En decembro, concerto navideño a cargo da Orquesta de Cámara Divertimento (día 8); Festival de Corais Estrelas do Mar (día 15), Festival de Corais Eixil (día 22) e Festival de Corais Virgen del Mar (día 23), rematando cun concerto da Banda Vila de Cedeira (día 29).



Protagonistas

A xornalista Ana Rodríguez Martí, con raíces familiares na vila, convertíase o pasado mes de agosto na primeira muller encargada de pronunciar o pregón das festas patronais de Cedeira (na imaxe).

Ignacio Trueba, anterior representante de España ante a FAO, fixo entrega ao alcalde de Cedeira, Leopoldo Rubido, da súa obra "Cómo erradicar el hambre en tiempos de crisis". Unha obra para a Biblioteca.



Un moi Feliz Nadal e próspero Ano Novo vos desexa o voso Alcalde e o grupo de goberno